

REF.: REDUCCIÓN DE XORNADA POR DEBERES DE COIDADO POR CIRCUNSTANCIAS EXCEPCIONAIS RELACIONADAS CO COVID-19.

Eu, _____, con documento de identidade nº _____, con enderezo, para efectos de notificación, en _____, e teléfono _____.

MANIFESTO:

PRIMEIRO: Que, de conformidade co establecido no artigo 6.3 do RDL 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, "as persoas traballadoras terán dereito a unha redución especial da xornada de traballo nas situacións previstas no artigo 37.6 do ET, cando concorran as seguintes circunstancias excepcionais:

- *Persoas traballadoras por conta allea que acrediten deberes de coidado respecto da/o cónxuxe ou parella de feito, así como respecto dos familiares por consanguinidade até o segundo grao da persoa traballadora (fillos e fillas, pai ou nai, netos e netas, irmáns, irmás, avó/avoa)*

Entenderase que concorren ditas circunstancias excepcionais cando sexa necesaria a presenza da persoa traballadora para a atención dalgunha das persoas indicadas no apartado anterior:

- *que por razóns de idade, enfermidade ou discapacidade, necesite do coidado persoal e directo, como consecuencia directa do COVID-19,*
- *cando existan decisións adoptadas polas Autoridades gubernativas relacionadas co COVID-19 que impliquen o peche de centros educativos ou de calquera outra natureza que dispensaran coidado ou atención á persoa necesitada dos mesmos,*
- *cando a persoa que até o momento se encargaba do coidado ou asistencia directos de cónxuxe ou familiar até o segundo grao da persoa traballadora non puidera seguir facéndoo por causas xustificadas relacionadas co COVID-19.*

SEGUNDO: Que tendo en conta o recollido no no artigo 6.3, segundo o cal "a redución de xornada especial deberá ser comunicada á empresa con 24 horas de antelación, podendo alcanzar o 100% da xornada, se resultara necesario".

TERCEIRO: Que tendo en conta o recollido no artigo 6.4. "no caso de que a persoa traballadora se atopara desfrutando xa dunha adaptación ou redución de xornada por conciliación, redución de xornada por coidado de fillas, fillos ou familiares, ou dalgún dos dereitos de conciliación previstos no ordenamento laboral, poderá renunciar temporalmente a el ou terá dereito a que se modifiquen os termos do seu desfrute sempre que ocorran as circunstancias excepcionais previstas mencionadas, debendo a solicitude limitarse ao período excepcional de duración da crise sanitaria e acomodarse ás necesidades concretas de coidado que debe dispensar a persoa traballadora, debidamente acreditadas, así como as necesidades de organización da empresa, presumíndose que a solicitude está xustificada, é razoábel e proporcionada agás proba en contrario".

SOLICITO/COMUNICO:

Unha redución da xornada de traballo correspondente ao ___% da xornada para facer efectivo o meu dereito á conciliación da vida persoal, laboral e familiar, de xeito que a xornada sexa distribuída do seguinte xeito: de _____ a _____ horas, a comezar mañá día __ de marzo de 2020 e até que remate a situación excepcional.

(No caso de acadar o 100% eliminaríamos este parágrafo e poríamos só isto:

Unha redución da xornada de traballo correspondente ao 100 % da xornada para facer efectivo o meu dereito á conciliación da vida persoal, laboral e familiar, a comezar mañá día __ de marzo de 2020 e até que remate a situación excepcional.

E para aquel persoal que esté xa con redución e queira suspendela e acollerse a esta, poríamos o seguinte:

Que é a miña intención renunciar temporalmente á redución de xornada que viña desfrutando até o de agora e acollerme temporalmente a unha redución da xornada de traballo correspondente ao ___% da xornada para facer efectivo o meu dereito á conciliación da vida persoal, laboral e familiar, de xeito que a xornada sexa distribuída do seguinte xeito: de _____ a _____ horas, a comezar mañá día __ de marzo de 2020 e até que remate a situación excepcional.

En caso de non recibir resposta a este escrito hoxe, entenderase estimada a solicitude.

E para que así conste para os efectos oportunos, asino a presente en data _____ de _____ de 20____.

Asinado,

Recibín,

O/a traballador/a

A empresa

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

REF.: SOLICITUDE DE ADAPTACIÓN DA XORNADA/ORDENACIÓN DO TEMPO DE TRABALLO/TRABALLO A DISTANCIA POR DEBERES DE COIDADO E CIRCUNSTANCIAS EXCEPCIONAIS RELACIONADAS CO COVID-19.

Eu, _____, con documento de identidade nº _____, con enderezo, para efectos de notificación, en _____, e teléfono _____.

MANIFESTO:

PRIMEIRO: Que, de conformidade co establecido no artigo 6.2 do RDL 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, *“as persoas traballadoras terán dereito á adaptación da xornada por deberes de coidado, nas situacións previstas no artigo 37.6 do ET, cando concorran as seguintes circunstancias excepcionais:*

- *Persoas traballadoras por conta allea que acrediten deberes de coidado respecto da/o cónxuxe ou parella de feito, así como respecto dos familiares por consanguinidade até o segundo grao da persoa traballadora (fillos e fillas, pai ou nai, netos e netas, irmáns, irmás, avó/avoa)*

Entenderase que concorren ditas circunstancias excepcionais cando sexa necesaria a presenza da persoa traballadora para a atención dalgunha das persoas indicadas no apartado anterior:

- *que por razóns de idade, enfermidade ou discapacidade, necesite do coidado persoal e directo, como consecuencia directa do COVID-19,*
- *cando existan decisións adoptadas polas Autoridades gubernativas relacionadas co COVID-19 que impliquen o peche de centros educativos ou de calquera outra natureza que dispensaran coidado ou atención á persoa necesitada dos mesmos,*
- *cando a persoa que até o momento se encargaba do coidado ou asistencia directos de cónxuxe ou familiar até o segundo grao da persoa traballadora non puidera seguir facéndoo por causas xustificadas relacionadas co COVID-19.*

SEGUNDO: Que tendo en conta o recollido no no artigo 6.2, segundo o cal *“o dereito á adaptación da xornada por deberes de coidado por circunstancias excepcionais relacionadas co COVID-19 é unha prerrogativa cuxa concreción inicial corresponde á traballadora”*

TERCEIRO: Que tendo en conta o recollido no artigo 6.4. *“no caso de que a persoa traballadora se atopara desfrutando xa dunha adaptación ou redución de xornada por conciliación, redución de xornada por coidado de fillas, fillos ou familiares, ou dalgún dos dereitos de conciliación previstos no ordenamento laboral, poderá renunciar temporalmente a el ou terá dereito a que se modifiquen os termos do seu desfrute sempre que ocorran as circunstancias excepcionais previstas mencionadas, debendo a solicitude limitarse ao período excepcional de duración da crise sanitaria e acomodarse ás necesidades concretas de coidado que debe dispensar a persoa traballadora, debidamente acreditadas, así como as necesidades de organización da empresa, presumíndose que a solicitude está xustificada, é razoábel e proporcionada agás proba en contrario”.*

SOLICITO:

Para o persoal que vai solicitar cambio de quenda, alteración de horario, horario flexíbel

Adaptar a duración e distribución da xornada de traballo para facer efectivo o meu dereito á conciliación da vida persoal, laboral e familiar, de xeito que a xornada sexa distribuída do seguinte xeito: de _____ a _____ horas, a comezar mañá día __ de marzo de 2020 e até que remate a situación excepcional.

Para o persoal que solicite cambio de centro de traballo/cambio de funcións/cambio na prestación de traballo (incluído o traballo a distancia),

Cambio de centro de traballo a _____/traballar desde a casa, a comezar mañá día __ de marzo de 2020 e até que remate a situación excepcional.

En caso de non recibir resposta a este escrito hoxe, entenderase estimada a solicitude.

E para que así conste para os efectos oportunos, asino a presente en data _____ de _____ de 20____.

Asinado,

Recibín,

O/a traballador/a

A empresa